

DE VIAXE POLO TEMPO ENTREN

12. UNIDADE DIDÁCTICA

Cuarto curso da ESO.

ÍNDICE

XUSTIFICACIÓN

CARACTERÍSTICAS DO GRUPO
OBXECTIVO XERAL DA UNIDADE
CONEXIÓN CO CURRÍCULO

CONTIDO DA UNIDADE

CONTIDOS
CONCEPTOS
PROCEDEMENTOS
ACTITUDES
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

ACTIVIDADES

COÑECEMENTOS NECESARIOS PREVIOS DO TEMA
ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN
ACTIVIDADES DE ENSINANZA/APRENDIZAXE
TEMPO
GRUPOS
ESPACIOS
MATERIAIS

PROCESO

EXTENSIÓN TEMPORAL DA UNIDADE

AVALIACIÓN DO ALUMNADO.

ACTIVIDADES PARA A AVALIACIÓN INICIAL
TÉCNICAS DE AVALIACIÓN FORMATIVA
CONTIDO DO INFORME DA AVALIACIÓN SUMATIVA

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA.

GRADO DE MOTIVACIÓN E/O PARTICIPACIÓN
VALORACIÓN DO PROFESOR/A
VALORACIÓN DO GRUPO
GRADO DE ADECUACIÓN Ó GRUPO
VALORACIÓN GLOBAL FINAL

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA

A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

O FERROCARRIL

XUSTIFICACIÓN

CARACTERÍSTICAS DO GRUPO

OBXECTIVO XERAL DA UNIDADEE

CONEXIÓN CO CURRÍCULO

12.1. Características do grupo

4º ESO A	4º ESO C
Grupo composto por 25 alumnos	Grupo composto por 22 alumnos
Estructura por sexo : Homes: 17 Mulleres: 8	Estructura por sexo : Homes: 10 Mulleres: 12
Estructura por idade : • 16 anos: 18 alumnos • 17 anos: 6 alumnos • 18 anos: 1 alumno	Estructura por idade : • 16 anos: 17 alumnos • 17 anos: 4 alumnos • 18 anos: 1 alumno
Número de alumnos que non repetiron nunca : Homes: 12 Mulleres: 6	Número de alumnos que non repetiron nunca : Homes: 9 Mulleres: 8
Número de alumnos que promocionan por imperativo legal : Homes: 1 Mulleres: 0	Número de alumnos que promocionan por imperativo legal : Homes: 0 Mulleres: 2
Número de alumnos que repiten 4º curso : Homes: 1 Mulleres: 0	Número de alumnos que repiten 4º curso : Homes: 1 Mulleres: 0
Número de alumnos con materias pendentas : Homes: 5 Mulleres: 1	Número de alumnos con materias pendentas : Homes: 3 Mulleres: 1

12.2. Obxectivos xerais da unidade

Achegar o coñecemento e a necesidade de saber sobre o tema da Revolución Industrial. O ferrocarril. Establecer a complicidade da busca na historia de datos que faciliten ese coñecemento e a interpretación dos mesmos. Recoñecer a interconexión de datos para a defensa de hipóteses. Asumir límites como parte integrante do coñecemento. Compartir procesos de aprendizaxe. Por en común inquedanzas e percepcións.

- Estructurar no espacio e no tempo os acontecementos clave.
- Reflexionar sobre o legado da historia a través do tempo. Factores que permitiron os cambios, tendo en conta aspectos políticos, sociais, económicos e culturais.
- Recoñecer a importancia das transformacións en canto ó impacto que tales transformacións teñen na actualidade.
- Evolución de aspectos que xurdiran previamente á Revolución Industrial e que neste momento amosan un avance considerable.
- Incorporación de novos inventos para o progreso da sociedade da economía.
- Transformacións do modo de vivir e de entender a vida por parte dunha sociedade en constante cambio.
- Referencia entre o grado de desenvolvemento económico e social dos distintos Estados en referencia á incorporación do ferrocarril como medio de transporte.
- Nacemento de novos sectores da industria e novos produtos no mercado. Nivel adquisitivo da poboación para poder acceder ós mesmos.
- Grado de implicación política da sociedade industrial.
- Nivel cultural xeneralizado dunha sociedade marcada pola necesidade de sobrevivir.

12. 3.Conexión co currículo

Área: Ciencias Sociais

Etaapa: Educación Secundaria Obrigatoria

Nivel: 4º

O tema desta UNIDADE didáctica queda incluído no marco do currículo dedicado ó inicio da historia contemporánea, cuxos acontecementos clave son a Revolución industrial e a Revolución francesa, que marcan a separación co antigo réxime.

Neste sentido insítese nos aspectos comúns entre os que destacan:

1. O papel da burguesía, que ó incrementar o seu poder económico desexa acceder ó poder político e reclama unha sociedade máis igualitaria e libre.
2. A monarquía absoluta e a sociedade do antigo réxime serán substituídos por unha forma de goberno que contempla a participación dos cidadáns.
3. A confianza na razón humana e o progreso técnico mantendo un optimismo ante o futuro.
4. O dereito á felicidade, posible na vida terreal. Os gobernantes deberían procurar a felicidade dos cidadáns
5. As relaciones haberán de basearse na tolerancia e na igualdade
6. Préstase atención á natureza que se copia na arte, estúdase na ciencia e téntase dominar coa técnica
7. Considérase que a ignorancia e a incultura eran o orixe de tódolos males. Reclámase que a cultura deixe de estar en mans dos privilexiados e fomentárase a construción de escolas para que a instrucción devolva a dignidade e a liberdade a tódolos individuos

C O N T I D O S D A U N I D A D E

CONTIDOS

CONCEPTOS

PROCEDIMIENTOS

ACTITUDES

OBJETIVOS DIDACTICOS

12.4. Contidos da unidade

O alumnado debe coñecer:

Aspectos de ubicación espacial e temporal

- Espacio: Europa, España, Galicia, O Porriño
- Tempo: Século XVIII-XIX

Aspectos relacionados co marco social, económico e político

- As circunstancias xerais que rodean ós acontecementos puntuais
- Cambios que se producen en Europa:
 - Revolución Francesa
- Cambios que se producen en España:
 - Guerra da Independencia
 - Volta ó absolutismo con Fernando VII
 - O liberalismo de Sabela II
 - Restauración borbónica
- Cambios que se producen en Galicia
 - Redención de Foros
 - Incorporación do ferrocarril á rede nacional

Aspectos relacionados coa importancia dos acontecementos

- Pensamento ilustrado
- Doutrina liberal
- Desenvolvemento do capitalismo
- Transformación da sociedade
- Cambios culturais e artísticos

12.5. Contidos

Sociais	Políticos	Económicos	Culturais	Artísticos
Sentido da solidariedade	Agrupacións en defensa dos dereitos dos traballadores	Agrupación do traballo na fábrica e utilización de novas máquinas	Desexo da burguesía de educar adecuadamente ós seus fillos	Regreso dos modelos grecorromanos
Sentido da forza mediante a unión	Liberalismo económico	Concentración nun mesmo lugar para a realización dunha mesma tarefa	Limitación dos nacementos na clase burguesa	Representación idealizada das paisaxes
Diferencias entre a burguesía propietaria e o proletariado asalariado	Mercantilismo	Incorporación de novas fontes de enerxía	Inventos significativos Lámpada Teléfono Telégrafo Motor de explosión	Predilección polo mármore de cor branca.
Incremento da poboación	División de poderes	Traballo a cambio de un soldo	Invención do cinematógrafo	Estilos neoclásico e romántico
Oprogreso da medicina reduciu a mortalidade	Soberanía nacional	Novas formas de financiamento empresarial		Exaltación do nacional
Sindicalismo	Constitución	Incorporación de novas técnicas		
Individualismo na clase burguesa	Sufraxio Universal	Expansión das comunicacións		

12. 6. Conceptos clave

1. Revolución
2. Obreiro
3. Proletariado
4. Clase social
5. Capitalismo
6. Fábrica
7. Asalariado
8. Sindicato
9. Acción
10. Bolsa
11. Sociedade anónima
12. Sociedade limitada
13. Soberanía nacional
14. División de poderes
15. Sufraxio
16. Constitución
17. Oferta
18. Demanda
19. Burguesía
20. Liberalismo

12.7. Procedementos

1. O alumnado debe ser capaz de buscar información en referencia ó tema obxecto de estudio.
2. O alumnado debe ser capaz de relacionar acontecementos clave coas circunstancias sociais, políticas, económicas e culturais do momento.
3. O alumnado debe ser capaz de analizar causas e consecuencias que motivan os acontecementos.
4. O alumnado debe ser capaz de argumentar coas súas palabras interpretacións dos acontecementos vinculados á revolución industrial e ó ferrocarril como medio de transporte clave na época.
5. O alumnado debe ser capaz de seleccionar os aspectos que considera fundamentais no proceso obxecto de estudio.
6. O alumnado debe ser capaz de cumprimentar fichas que recollen diversos ámbitos da revolución industrial.

7. O alumnado debe ser capaz de elaborar comentarios de texto dirixidos sobre aspectos referidos ó tema proposto.
8. O alumnado debe ser capaz de identificar personaxes clave nos cambios ocorridos no período obxecto de estudo.
9. O alumnado debe ser capaz de planificar estratexias de recompilación e exposición de información de maneira organizada e sintética.
10. O alumnado debe ser capaz de Expor a súa percepción dos COÑECEMENTOS defendendo o seu punto de vista e espetando o dos demais.
11. O alumnado debe ser capaz de desenvolver coherentemente as etapas do aprendizaxe e recoñecer os seus logros e limitacións.

12.8. Actitudes

Valórase o nivel que amose os alumnos e alumnas diante o tema obxecto de estudio respecto a:

- Aceptación da experiencia.
- Rexeitamento da experiencia.
- Capacidade de superación ante as dificultades.
- Interese por superarse.
- Participación no desenvolvemento da unidade.
- Disposición ante as distintas etapas programadas para o desenvolvemento da unidade.
- Recoñecemento da necesidade de mellorar o aprendizaxe con novos métodos.
- Tolerancia ante as opinións dos demais.
- Valoración do traballo individual.
- Valoración do traballo en grupo.
- Reflexión sobre o progreso experimentado no coñecemento.
- Sensibilidade cara o traballo de outros.
- Recoñecemento da importancia da observación e da investigación máis alá dos COÑECEMENTOS que se leen nos libros.
- Gusto polo traballo ordenado e metódico.
- Incorporación de alumnos que en xeral rexeitan o aprendizaxe cara a unha participación máis activa e positiva.

12.9. Obxectivos didácticos

1. Representar espacialmente as cidades clave na Revolución Industrial.
2. Ler comprensivamente textos que aludan a aspectos sociais da Revolución Industrial.
3. Expor de forma individual aspectos desenvolvidos en común sobre cambios destacados na vida das persoas que foron testemuñas do proceso industrial.
4. Diseñar esquemas que recollan os aspectos clave para o coñecemento.
5. Seleccionar acontecementos razoando as decisións da selección.
6. Estimular a capacidade de expresión para a defensa de criterios argumentados.
7. Elaborar itinerarios en base a obxectivos previos.
8. Diseñar percorridos en tren para atender ós distintos intereses.
9. Estructurar por apartados os diversos aspectos que conflúen nos acontecementos históricos.
10. Recompilar imaxes alusivas ó proceso industrial e ó ferrocarril.
11. Seleccionar información con argumentos de valoración.
12. Realizar visitas guiadas á estación do ferrocarril.
13. Describir o primeiro viaxe en tren realizado.
14. Visitar a exposición de paneis sobre a historia do ferrocarril.

A C T I V I D A D E S

COÑECIMENTOS NECESARIOS PREVIOS DO
TEMA

ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN

ACTIVIDADES DE ENSINANZA/APRENDIZAXE

TEMPO

GRUPOS

ESPACIOS

MATERIAIS

12.10. Coñecementos previos do tema

- Localización no espazo: Países que se incorporan primeiro á Revolución Industrial.
- Localización das primeiras construcións do ferrocarril.
- Localización espacial das principais cidades industriais de Europa.
- Localización espacial das principais cidades españolas que se comunicaron por vía férrea.
- Dominio de conceptos básicos sobre aspectos sociais (clase, burguesía, proletariado...), políticos (monarquía parlamentaria, democracia, liberalismo...), económicos (capital, oferta, demanda, acción, bolsa...)
- Localización temporal de acontecementos (división das etapas da historia)
- Destreza na busca sistematizada de conceptos, datas ou calquera referencia que necesite de información adicional (páxinas web, referencias bibliográficas).
- Capacidade de síntese ante a información.
- Manexo na elaboración de causas e consecuencias diante dos diversos acontecementos históricos con reflexión que xustifique os argumentos.
- Capacidade de subliñar os aspectos esenciais básicos, ante un documento histórico, relacionando cuestións sociais, económicos, culturais e políticas.
- Comprensión de textos, imaxes, gráficos.
- Expresión oral e escrita adecuada ó nivel do curso.

12.11. Actividades de motivación

Tendo en conta que a motivación é un elemento esencial para a obtención dos obxectivos propostos idéanse tres vías de actuación:

1-Integración en grupos de AVALIACIÓN

Subdivídese o conxunto de alumnos do aula en grupos de 5, dos cales un actúa como moderador e recolle a información do grupo en canto a que actividades se poden desenvolver para que a aprendizaxe da revolución industrial e o ferrocarril sexa positivo.

2- Participación en actividades de aula

Despois de seleccionar as propostas achegadas por tódolos grupos propóñense actividades que son individuais, dirixidas polo profesor (és necesaria a explicación de conceptos, a visualización de planos, a memorización de datos) que cada alumno realiza no seu caderno de notas e que o profesor supervisa, aclara e corrixe e unha vez conseguido, póñense en común, para que os alumnos se expliquen entre eles, aclaren as súas opinións, modifiquen as súas solucións e constrúan o seu coñecemento baseado no razoamento argumentado

3. Participación en actividades fóra do aula

Complétase a motivación coa participación do alumnado en tarefas fóra do aula, de maneira que se propoñen para entender a importancia do ferrocarril, a construción dunha maqueta da estación de seu pobo, isto ademais permite a participación doutros departamentos como o de tecnoloxía. Maqueta que ademais permite ó departamento de física realizar “in situ” cálculos de velocidades; todo elo motiva ós alumnos a dar cohesión ó seu coñecemento.

A participación do alumnado na busca de textos literarios que fagan referencia á repercusión do ferrocarril implica tamén ó departamento de lingua e literatura.

A busca esténdese, coas novas tecnoloxías, á indagación de imaxes que teñan ó tren como protagonista. Estacións dos máis diversos estilos, incorporan os primeiros COÑECEMENTOS sobre o arte, elementos imprescindibles para o bo funcionamento das estacións, hoxe impensable, asubíos, farois, agullas, banderíns, etc. Atráe a curiosidade dos alumnos, xefes de estación marcando a saída e chegada, paisaxes imposibles sulcados polo vapor, máquinas movidas polo carbón ou trens de alta velocidade capturados para a presentación de un diaporama que se presentará a todo o alumnado como traballo de equipo

Selección de música, un novo departamento agora o de Música para axudar a atopar composicións que teñan como tema o ferrocarril e que axudarán ás imaxes e ós textos literarios na presentación que se fará ante o resto de alumnado do centro.

12.12. Actividades de ensinanza/aprendizaxe

- Ficheiro Bibliográfico
- Sopa de letras
- Escribe 5 frases utilizando algún dos termos
- Indicar cronoloxías
- Explicar consecuencias

- Definir termos
- Palabras cruzadas
- Emparellar feitos
- Relacionar termos
- Completar frases
- Completar letras que faltan
- Realizar debuxo
- Seleccionar opcións a debate
- Delimitar a clase
- Votación de resultados
- Resolver o xeroglífico
- Cadeas de letras
- Personaxes famosos en pistas para descubrir
- Fotografía unha estancia de túa casa

12.13. Tempo

Establécese a idoneidade de tres semanas como experiencia piloto, tendo en conta que cada semana significa 3 horas lectivas de 50 minutos cada una, aplicada ó nivel de 4º de Educación Secundaria Obrigatoria na materia de Ciencias Sociais.

Establécese ese tempo por consideralo no puntual e meramente experimental, senón que poida ser tido en conta como método aplicable a outras UNIDADES Didácticas que se pretendan para este mesmo nivel, pois cinguese ó currículo programado para o mencionado nivel e ó tempo no que se desenvolve o curso académico.

A distribución predeterminada, que pode modificarse a medida que van xurdindo necesidades puntuais, é a que sigue:

1ª Xornada de 50 minutos: ¿Qué sabes de...?

Realízase unha introducción xeral do tema, sinalando o título do mesmo e recordando algúns aspectos que o alumnado debe saber de cursos realizados anteriormente.

Nesta xornada distribúese un cuestionario composto de 10 preguntas xerais sobre diversos aspectos de tema.

2ª Xornada de 50 minutos: Esquema de aspectos clave

O profesor explica os diversos aspectos sociais, políticos, económicos e artísticos que interveñen na Revolución Industrial. Reforzará aqueles aspectos que deben ser coñecidos por pertencer a cursos anteriores. Matizará o profesor os aspectos de interconexión entre os distintos aspectos como elemento fundamental no coñecemento gradual e sumativo neste nivel de Secundaria.

3ª Xornada de 50 minutos: Actividades ENSINANZA- aprendizaxe

Cuestionario sobre conceptos clave. Cada alumno contestará individualmente. Unha vez finalizada a clase recóllese o cuestionario.

4ª Xornada de 50 minutos: Corrección do cuestionario

Nesta xornada é fundamental a intervención do alumnado. Tendo como referencia a previa corrección do cuestionario de conceptos, o profesor pedirá a intervención das /los alumnas/os e matizará aquelas lagoas, imprecisións que observe nas respostas. a intervención solicitada debe ser de varias respostas que proveñan de distintos alumnos ante a mesma cuestión. Dalgún xeito trátase de que eles sexan capaces de matizar respostas que no só por incorrectas deben ser rexeitadas senón que a pouca precisión determina en máis dunha ocasión erros de comprensión e confusión.

5ª-6ª Xornadas de 50 minutos: Actividades ENSINANZA - aprendizaxe

Encárgase ós alumnos a realización de tarefas en referencia ó tema obxecto da Unidade Didáctica. Estas actividades realizaranse na casa por ser necesaria a busca de datos en Internet, enciclopedias, libros de distintas materias. Estas fichas serán individuais e nominativas para comprobar o grado de traballo e dedicación de cada alumna/o.

Na 5ª e 6ª Xornada poderán poñerse en común os distintos aspectos en grupos reducidos no máis de catro alumnos por grupo, cun moderador e un secretario por grupo que tome nota dos aspectos:

- Dificultade para obter datos.
- Discrepancia nas respostas.
- Respostas coincidentes.
- Falta de resposta e razóns que o xustifica.
- Aspectos que máis te chamaron a atención.
- Selección dun personaxe clave no tema e porque.
- Selección dun aspecto clave de todo o estudado.
- Valoración xeral do traballo realizado.

7ª Xornada de 50 minutos: Posta en común

Tendo como base o traballo dos grupos reducidos a través do moderador de cada grupo escríbense no encerado as respostas unificadas de cada grupo e establécense verbalmente conclusións xerais.

8ª Xornada de 50 minutos: AVALIACIÓN

O cuestionario avaliador fará referencia tanto a aspectos de coñecemento como de aprendizaxe. Se ben é fundamental que o alumnado precise con claridade os conceptos clave, tamén se valora a capacidade de síntese, a relación de multiplicidade de acontecementos, a repercusión dos acontecementos pasados na súa historia diaria, a implicación á hora de buscar información, a capacidade de expresarse con claridade, a tolerancia cara a aqueles que teñen unha percepción diferente, a capacidade de escoitar e intervir.

12.14. Grupos

Preestableceuse o último nivel de Educación Secundaria Obligatoria como mostra para avaliar o proceso de aprendizaxe que agora culmina e que determinará o nivel de coñecemento do alumnado na ENSINANZA posterior.

Tomouse unha mostra entre 4º ESO grupo A por ser un alumnado vinculado ás opcións do bacharelato de Ciencias da Saúde e Científico e un grupo C vinculado por seus optativas ó bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades.

Ambos grupos contan cun número de alumnos case semellante, 25 e 22 lo que facilita as referencias e resultados comparativos entre eles.

12.15. Espacios

- Aula de cada grupo. Espacio para a realización de fichas, explicación do profesor e posta en común
- Aula reservada para Exposición de paneis da Historia do ferrocarril.

Nelas atópase a evolución da construción do ferrocarril en España. Paneis referentes á chegada do Ferrocarril Ourense- Vigo, e seu paso polo Porriño, onde se atopa o noso Instituto. Paneis nos que se observan os inventos que se conseguiron nesa mesma época. Presencia na mesma sala de artigos vinculados ó ferrocarril (farois, asubíos, gorras de ferroviario, gardaagullas...)

- Exposición de diapositivas. Montaxe referido a os diversos aspectos vinculados ó ferrocarril.
 - O tren ó longo da historia. Imaxes que amosan a enorme transformación dende os primeiros trens de rodas tirados por cabalos ata os modernos trens de alta velocidade.
 - A casa do tren. Referencia á variedade arquitectónica das estacións.
 - No horizonte. o tren como medio de transporte que cruza todo tipo de paisaxes.
 - O home e o tren implica os sentimentos que este medio de transporte provoca no ser humano quedando plasmado na literatura, na pintura así como nos diversos artigos de prensa.
 - Un escenario trágico recorda acontecementos dramáticos vividos en os trens, accidentes, guerras, emigración.
 - A todo tren... supón unha viaxe en tren ó longo do río Miño, con estacións, vías, pontes, trens que van e veñen.
 - Por último unha poesía co tren como protagonista, referencias ós anos que pasan a toda velocidade e reivindicación do tren como medio de transporte vital, non contaminante e de referencia do pasado e aposta de futuro.

Complementábase este traballo non só con imaxes senón con música de fondo en cada apartado, o que estimula o sentimento, ademais da incorporación de textos explicativos. Esta actividade implica a participación de alumnas/os e profesores e aposta por novos métodos de ENSINANZA .

- Aula Magna do Centro destinada para Cineforum.

Seleccionáronse películas e documentais que teñen o tren como protagonistas:

TÍTULOS DE PELÍCULAS

- Expreso de Chicago
- O tren
- O primeiro gran asalto ó tren
- Maquinista da Xeral

DOCUMENTAL

- A primeira viaxe en tren.

CORTO

- “El Último raíl”

12.16. Materiais

Táboa de CONTIDOS

- Listado de conceptos.
- Fichas de tarefas.
- Transparencias de gráficas.
- Textos periodísticos.
- Diapositivas de arte.
- Exposición en Páwer Point das diversas facetas do ferrocarril
- Películas co tren como protagonista.
- Exposición de paneis coa época da revolución Industrial e a evolución do ferrocarril.
- Fotografías individualizadas.
- Visualización dunha maqueta de tren.
- Construcción de trens con materiais de reciclado.
- Páxinas web con información sobre a revolución industrial e a importancia do ferrocarril.
- Referencia bibliográfica de libros con información ó tema obxecto de estudio.

1- FICHERO BIBLIOGRÁFICO

-

2- Escribe cinco frases utilizando os termos:

- **Obreiro**
- **Electricidade**
- **Revolución**
- **Fábrica**

- Cidade

3- Completa as letras que faltan

- - E - - - U - - - N
- C - - - - C - O
- - A M - O
- - A - - - - L - S - O
- M - Q - I - -
- - E - - - C - - R - -
- F - - - I - A
- - N - U - - R - A
- B - - - U - S
- - I - A

4- Recoller información sobre un dos personaxes relacionados:

- ❖ Grahman Bell
- ❖ Thomas Alva Edison
- ❖ Guglielmo Marconi
- ❖ Gottlieb Daimler
- ❖ Kart Benz
- ❖ Rudolf Diesel
- ❖ Louis e Auguste Lumière
- ❖ Ferdinand von Zeppelin
- ❖ Wilbur e Orville Wright

5- Indicar cronoloxías de acontecementos:

- Historia contemporánea
- Comezo de Revolución Industrial
- Ano da inauguración da primeira vía férrea en España
- Ano no que se efectuou o primeiro voo en avión

6- Completa as frases seguintes:

- A máquina de vapor inventada por.....a comezos da Revolución....., tivo unha enorme repercusión.

- A nova organización do traballo supuxo cambios transcendentais na man de obra que pasou de ser artesanal a ser.....
- Aindustrial iniciouse na industria, á que seguiu a siderúrxica, que foi posible gracias a.....
- A industria capitalista caracterizouse porque os traballadores e as..... concentrábanse nas.....
- Na industria téxtil a demanda era moi.....o que esixía fabricar máis.....e obter panos máis anchos.
- Para branquear máis as telas aplicábase.....
- A Revolución industrial iniciouse en
- A revolución Industrial supuxo a transformación da agricultura e do.....
- A poboación ó longo do século.....aumentou debido sobre todo á redución das taxas de.....gracias ás melloras de....., a..... e a.....
- Os beneficios do comercio estaban nas relacións entre as Metrópoles e as.....e o desenvolvemento das cidades como.....

7- Sopa de letras:

Atopa oito conceptos relacionados coa Revolución Industrial

12.17. Proceso

EXTENSIÓN TEMPORAL DA UNIDADE

1ª Xornada de 50 minutos: ¿Qué sabes de...?

Realízase unha introducción xeral do tema. Nesta xornada distribúese un cuestionario composto de 10 preguntas xerais sobre diversos aspectos de tema

2ª Xornada de 50 minutos: Esquema de aspectos clave

Ol profesor explica os diversos aspectos sociais, políticos, económicos e artísticos que interveñen na Revolución Industrial.

3ª Xornada de 50 minutos: Actividades ENSINANZA- aprendizaxe

Cuestionario sobre conceptos clave.

4ª Xornada de 50 minutos: Corrección do cuestionario

Nsta xornada é fundamental a intervención do alumnado. Tendo como referencia a previa corrección do cuestionario de conceptos, o profesor pedirá a intervención das /dos alumnas/os e matizará aquelas lagoas, imprecisións que observe en as respostas.

5ª-6ª Xornadas de 50 minutos: Actividades ENSINANZA - aprendizaxe

Encárgase ós alumnos a realización de tarefas en referencia ó tema obxecto da Unidade Didáctica.

Na 5ª e 6ª Xornada poñeranse en común os distintos aspectos en grupos reducidos no máis de catro alumnos por grupo, cun moderador e un secretario por grupo.

7ª Xornada de 50 minutos: Posta en común

Tendo como base o traballo dos grupos reducidos a través do moderador de cada grupo escríbese no encerado as respostas unificadas de cada grupo

8ª Xornada de 50 minutos: AVALIACIÓN

O cuestionario avaliador fará referencia tanto a aspectos de coñecemento como de aprendizaxe.

12.18. Avaliación do alumnado

ACTIVIDADES PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Enquisa previa sobre os COÑECEMENTOS que o alumnado ten sobre o tema

QUE SABES DE...


1. ¿Qué significa Revolución Industrial?
2. ¿En que se diferencian un campesiño e un proletario?
3. ¿Qué forma de loita empregaban os obreiros para acadar os seus dereitos?

4. Explica porque se denomina “Era do Ferrocarril” a época da Revolución Industrial.
5. ¿Qué diferencia hai entre Estamento e Clase Social?
6. ¿En que século xorden as industrias?
7. ¿Qué inventos sitúas na época da Revolución Industrial?
8. Sinala tres características das vivendas dos obreiros na época da Revolución Industrial.
9. ¿Qué fontes de enerxía se empregaban nas primeiras industrias?
10. Cita algunhas fábricas que coñezas e indica que produtos obteñen.


12.19. Avaliación inicial.

4º ESO A


¿QUE SABES DE...?




¿En que se diferencia un campesino e un proletario?




¿Que forma de loita empregaban os obreiros?




Explica porque se denomina era do ferrocarril




Diferencia entre estamento e clase social




¿En que século xorden a as industrias?




Inventos que situas na Revolución Industrial




Cita tres características das vivendas obreiras



¿Que fontes de enerxía se empregaban?




Cita algunas fábricas que coñezas e indica a súa produción




Avaliación inicial

4º ESO C


¿Que significa Revolución Industrial?




¿En que se diferencia o campesino do proletario?




¿Qué forma de loita empregaban os obreiros?




Explica porqué se denomina era do ferrocarril




Diferencia entre estamento e clase social




¿En que século xorden as industrias?




Inventos que sitúas na Revolución Industrial




Tres características das vivendas dos obreiros



¿Qué fuentes de enerxía se empregaban?







Cita las fábricas que coñezas e indica a súa produción



12.20. informe de avaliación sumativa



4º A ESO







Informe de avaliación sumativa



4º C ESO








12.21. Avaliación da unidade didáctica

4º A ESO





12.22. Valoración do grupo






Avaliación da unidade didáctica

4º C ESO



Valoración do grupo



12.23. Conclusión

Unha vez concluída a aplicación da Unidade didáctica pódense extraer as seguintes conclusións xerais:

1. nivel de COÑECEMENTOS inicial dos alumnos é bastante reducido.
2. dominio de conceptos clave é escaso.
3. Os procedementos aplicados vanse readaptando a medida que vai avanzando o grado de implicación e de coñecemento
4. A tarefa de corrección e auto corrección é constante ó longo de toda a aplicación de obxectivos.
5. A reacción do alumnado á proposta foi moi positiva.
6. nivel de participación foi óptimo.
7. A elaboración de tarefas, como obxectivo individual alcanzouse de maneira moi satisfactoria.
8. A relación que se establece entre os membros dos grupos de traballo foi moi boa.
9. cambio de actitude cara a un novo modo de aprender, moi positivo.
10. A participación na busca de información, óptima.
11. A diferenza entre grupos leva á necesidade de adecuar os obxectivos a cada caso concreto.
12. Os alumnos menos implicados advirten unha posibilidade de cambiar a súa disposición ante unha nova maneira de aprender na que ninguén está previamente encasillado, por lo que aínda os obxectivos se conseguen en grado menor, supoñen unha posibilidade moi a ter en conta.
13. En liñas xerais, a valoración sobre a aplicación da Unidade didáctica é realmente positiva.